

ACTA DA MESA DE ALCALDES E ALCALDESA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA.

Reunidos no Salón Vermello do Palacio de María Pita do Concello da Coruña, o 21 de febreiro .

Asisten:

- D. Xulio Ferreiro Baamonde, Alcalde de A Coruña
- D. José Antonio Santiso, Alcalde de Abegondo
- D. Alberto Castro, Concelleiro de Urbanismo de Arteixo
- Dna. Alejandra Pérez Máquez, Alcaldesa de Bergondo
- D. Ramón García Vázquez, Alcalde de Betanzos
- D. Juan González Leirós, Concelleiro de Urbanismo de Cambre
- D. José Luis Fernández Mouriño, Alcalde de Carral
- D. Julio Sacristán de Diego, Alcalde de Culleredo
- D. Ángel García Seoane, Alcalde Oleiros
- D. Óscar Benito Portela, Alcalde de Sada

Iníciase a sesión ás 14.10 horas para abordar, segundo a convocatoria efectuada, a seguinte orde do día:

1. Información relativa ao contido da reunión mantida co Presidente da Xunta de Galicia.
2. Presentación do primeiro informe do grupo de traballo da UdC relativo a aproximación aos contidos e á tramitación do expediente administrativo requirido para elevar ao Pleno da Corporación un acordo respecto ao art. 122 da Lei de Administración Local de Galicia.
3. Estados dos traballos de “Diagnóstico e estratexia da área urbana da Coruña. Incorporación de achegas.
4. Folla de ruta: proposta de principais fitos e calendario.
5. Rogos e Preguntas.

1

Tras unhas breves palabras de benvinda do Alcalde da Coruña, faise entrega aos Alcaldes e Alcaldesa da seguinte documentación:

1. Contrato para a prestación de servizos técnicos (art. 83 LOU) entre a Universidade da Coruña para a elaboración do estudo “Estado da cuestión metropolitana en Galicia, no resto do Estado e aproximacións a algunha experiencia europea. Texto base para a redacción dunha proposta de anteproxecto de Lei da Área Metropolitana da Coruña” (12 de xaneiro de 2017).
2. Informe sobre os requisitos e efectos do artigo 122 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, no proceso de formulación dunha Área Metropolitana para a Coruña (UdC, 18 de xaneiro de 2017).
3. Achegas ao documento “Diagnóstico y Estrategia Metropolitana del Área Urbana de A Coruña”.
4. Actas pendentes de sinatura das Mesas de Alcaldes de Alcaldesa da Área Metropolitana de A Coruña, de 17 de outubro e 20 de decembro de 2016.

Abórdase a continuación o primeiro asunto da Orde do Día.

1. Información relativa ao contido da reunión mantida co Presidente da Xunta de Galicia.

O Alcalde da Coruña explica que lle foi atendida unha petición de entrevista co Presidente da Xunta de Galicia e que no seu transcurso foille exposta a cuestión do proceso seguido para a conformación da Área Metropolitana da Coruña. Ao respecto salientou:

- Cuestións expostas polo Presidente Alberto Núñez Feijoo:
 - Non ve inconveniente no proceso a seguir pero sinala a existencia de certos “condicionantes”.
 - Condicións:
 - › Maioría suficiente e certo consenso na Coruña en nas Alcaldías do área metropolitana.
 - › Avanzar nun Plan de Transporte Metropolitano para a Área Urbana da Coruña. O Alcalde manifestoulle que concorda pero que deben ser procesos paralelos e non sucesivos.
 - › A Xunta impulsaría a elaboración dunha estratexia metropolitana a realizar pola UdC.

- Cuestións expostas polo Alcalde da Coruña:
 - Propón traballar este apartado (Plan Transporte Metropolitano) na Mesa de Mobilidade e mesmo incorporar técnicos da Xunta no ámbito de traballo da Mesa.
 - No plano político establecer un ámbito de dinámica de traballo conxunto entre Alcaldes/a e a Consellería do ramo.

2

Resúmese a continuación o contido das diversas intervencións de Alcaldes e da Alcaldesa de Bergondo:

Culleredo:	Parécelle unha proposta aceptable e parécelle moi conveniente traballar conxuntamente Concellos e Xunta de Galicia no PTM.
Oleiros:	Non ve a necesidade de establecer condicións “a priori”. Parécelle que o tema do transporte é unha eterna disculpa. Teñen pasado 35 anos sin resolver este problema. Para él o tema do transporte é “agora ou nunca”.
Carral:	Favorable a traballar con seriedade no transporte metropolitano en paralelo co proceso metropolitano (AMC).
Arteixo:	Plantexa enfocar o asunto do transporte dende outra perspectiva: como gasto social. Non se debe falar de liñas deficitarias e liñas con superavit. Precísase valor político para cambiar o modelo.
Abegondo:	Non está de acordo con que se teña posto como condición a priori resolver o tema do Plan de Transporte para continuar co proceso AMC. Cre que deben seguir avanzando no tema AMC.
Cambre:	¿Qué queremos crear aquí?: AMC. Todos os estudos concorrentes terán que orientarse cara aí. Reconducir cara a mensaxe de unidade: a necesidade de AMC. Os problemas son diferentes en diversas zonas del AMC. O problema do transporte é de maior calado que o debate do transporte urbano/interurbano.

Bergondo:	Fai referencia a un cuestionario enviado pola Xunta e que daban un par de días de prazo. Salienta que traballar por separado xera a imposibilidade de ter un PTM bo para a cidadanía.
-----------	--

O Alcalde da Coruña realiza unha síntese formulando a seguinte proposta de acordo:

- A perspectiva de traballo da Mesa de Alcaldes sería a de contemplar un plan único de transporte para un ámbito territorial que sería AMC e que, no futuro, a AMC acolla a Autoridade Única de Transporte.
 - Que a Mesa de Mobilidade elabore unha proposta de Plan de Traballo.
 - Solicitar entrevista ca Conselleira de Infraestruturas para avanzar no PTM.
 - Incorporar técnicos da Xunta na Mesa de Mobilidade si a Consellería o considera pertinente.
 - Insistir nunha xuntanza co Presidente da Xunta con todos os Alcaldes e Alcaldesa.
- 2. Presentación do primeiro informe do grupo de traballo da UdC relativo a aproximación aos contidos e á tramitación do expediente administrativo requirido para elevar ao Pleno da Corporación un acordo respecto ao art. 122 da Lei de Administración Local de Galicia.**

O Alcalde da Coruña presenta un resumo do informe facilitado polo equipo xurídico da UdC enmarcado no contrato asinado coa UdC, do que tamén se facilita copia. Sinálase a continuación que xa se ten encargada a realización do segundo documento e que tamén se encomendou a realización dun informe relativo á transitoriedade do Consorcio das Mariñas á futura AMC.

3

Abórdase a continuación o terceiro asunto da orde do día.

3. Estados dos traballos de “Diagnóstico e estratexia da área urbana da Coruña. Incorporación de achegas.

- 3.1. O Alcalde da Coruña da conta das achegas formuladas polo Concello de Oleiros e das formuladas pola Mesa da Recuperación Ambiental e da Biodiversidade da Ría do Burgo e das plantexadas pola reunión plenaria das Mesas e Grupos de Traballo celebrada no Centro Social Ágora o pasado 16 de xaneiro.
Acórdase incorporar a totalidade das achegas.
- 3.2. Por unanimidade acórdase dar un prazo maior para a presentación de achegas. Este rematará o vindeiro día sete de marzo.
- 3.3. Preséntase a continuación a páxina web da estratexia metropolitana da AMC. Acórdase publicala xustamente despois de rematar o prazo de achegas co obxectivo de abrir un proceso participativo sobre o proceso AMC.
Acórdase remitir a URL ás diferentes alcaldías para o estudo da web polo miúdo.

Pasa a tratarse o punto 4 da orde do día.

4. Folla de ruta: proposta de principais fitos e calendario.

- 4.1. Plantexada a preocupación do Alcalde da Coruña respecto do ámbito e delimitación física do AMC e despois de diversas intervencións acórdase manter a delimitación inicialmente prevista e actual composición da Mesa de Alcaldes e Alcaldesa, aínda que coa visión clara de que na futura Lei de AMC ten que existir a previsión dun mecanismo de entrada e incorporación a AMC (e tamén de saída da mesma).
- 4.2. Acórdase axustar a denominación da Mesa sobre a Ría do Burgo e a Bacía do Río Mero que se denominará “Mesa da Biodiversidade e Protección da Natureza”.
- 4.3. Acórdase impulsar a composición dunha nova Mesa: Economía, Emprego e Turismo.

5. Rogos e Preguntas.

Non se suscita cuestión algunha.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a reunión ás 15.15 horas.

A Coruña, 21 de febreiro de 2017.

4

O alcalde da Coruña



Asdo.: Xulio Ferreiro Baamonde


O alcalde de Abegondo

Asdo.: José Antonio Santiso

O alcalde de Arteixo
P.D. O Concelleiro de Urbanismo

Asdo.: Alberto Castro

A alcaldesa de Bergondo




Asdo.: Alejandra Pérez Máquez

O alcalde de Betanzos



Asdo.: José Ramón García Vázquez

O alcalde de Cambre
P.D. O Concelleiro de Urbanismo



Asdo.: Juan González Leirós

O alcalde de Carral

O alcalde de Culleredo

Asdo.: José Luis Fernández Mouriño

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

O alcalde de Oleiros

O alcalde de Sada

Asdo.: Angel García Seoane

Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández